CEP Plurilingüe Pedro Caselles Beltrán
Tfno: 886 110 738 Mosteiro, s/n 36740 - Tomiño
Fax: 886 110 739 Email: cep.pedro.caselles@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/ceppedrocaselles

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/20 – TERCEIRO TRIMESTRE

ÁREA: CIENCIAS NATURAIS
CURSO: SEXTO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Recoñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparatos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, función, coidados, etc.	1.Identifica e describe as características dos aparatos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.
Relacionar determinadas prácticas da vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde.	1.Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo. 2.Coñece e explica os principios das dietas equilibradas, identificando as prácticas saudables para previr e detectar os riscos para a saúde. 3.Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas. 4.Observa, identifica e describe algún avances da ciencia que melloran a saúde (medicina, produción e conservación de alimentos, potabilización da auga, etc). 5.Coñece técnicas de primeiros auxilios, en situación simuladas e reais. 6. Observa e rexistra prácticas de vida saudables, utilizando os instrumentos e os medios AV e tecnolóxicos apropiados.
Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.	1.Identifica as características e clasifica os seres vivos: -Reino animal -Reino das plantas. -Reino dos fungos. -Outros reinos. 2.Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utilizando os instrumentos e os medios AV e tecnolóxicos apropiados.
Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.	1.Investiga e explica a relación entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas. 2.Recoñece e explica algún ecosistema: pradaría, charca, bosque, litoral e cidade e os seres vivos que neles habitan. 3.Observa e identifica diferentes hábitats dos seres vivos facendo fincapé no coidado destes e nomea algunhas causas de extinción de especies. 4.Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utilizando os instrumentos e os medios AV e tecnolóxicos apropiados.

Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: -Valoración dos envíos documentais: tarefas, traballos de investigación, presentacións. -Participación nas plataformas EDIXGAL e CISCO WEBEX e correo electrónico da clase. -Información recibida do profesorado que imparte clase ao grupo.
	Instrumentos: -Plataforma EDIXGAL. -Plataforma CISCO WEBEX. -Correo electrónico da clase.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: • Sendo avaliación continua e tendo en conta esta adaptación das programacións, valorarase o traballo, a participación e a realización de tarefas por parte do alumnado sempre en positivo cun incremento na cualificación da materia do seguinte xeito: Menos do 50%: entre 0 e 1 punto / máis do 50%: entre 1 e 1.5 puntos
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: 1. Buscar información sobre o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparatos, sistemas. 2. Relacionar determinadas prácticas da vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde. 3. Buscar información sobre os diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos. 4. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes.
	Criterios de cualificación: • Sendo avaliación continua e tendo en conta esta adaptación das programacións, valorarase o traballo, a participación e a realización de tarefas por parte do alumnado sempre en positivo cun incremento na cualificación da materia do seguinte xeito: Menos do 50%: entre 0 e 1 punto / máis do 50%: entre 1 e 1.5 puntos
	Procedementos e instrumentos de avaliación: -Plataforma EDIXGAL. -Foro EDIXGAL. -Plataforma CISCO WEBEX. -Correo electrónico da clase.

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Informarase desta adaptación de programación ao alumnado e ás familias da publicidade do documento na web do centro, a través das canles de comunicación cotiás: mensaxería Abalar Móbil, EDIXGAL e videoconferencias.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Proposta de actividades variadas a través de EDIXGAL.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	**Alumnado con conectividade (portátil ABALAR):** EDIXGAL é a plataforma empregada para a presentación dos distintos tipos de actividades enviándose a posterior corrección das mesmas. Realízanse pequenas investigacións sobre os temas propostas e realízanse presentacións que posteriormente se envían para a súa corrección. Empregarase a plataforma de videoconferencia na medida do posible como un recurso para motivar ao alumnado. **Alumnado sen conectividade:** O grupo de alumnos cos que non é posible manter contacto foron notificados ao Equipo Directivo para que se estableceran unhas pautas de actuación coas familias.
Materiais e recursos	Ordenador portátil ABALAR Plataforma EDIXGAL Recursos EDIXGAL Recursos on line Materiais, actividades e recursos elaborados pola profesora da área. Correo electrónico da clase Videoconferencia Recursos propios do alumnado